

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### GONDOMAR

#### Persoal, oposicións

*BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE VIOLÍN*

#### ANUNCIO

Mediante Resolución de Alcaldía, de data 21 de maio de 2026, aprobose a convocatoria do proceso selectivo dunha bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como profesor/a de violín de acordo coas bases que se relacionan a continuación:

*BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE VIOLÍN*

#### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria.**

Ten por obxecto a elaboración dunha BOLSA DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE VIOLÍN, mediante o sistema de concurso-oposición:

Denominación do posto: Profesor/a de violín.

Código RPT: 07.00.05.

Departamento de adscripción: Departamento de Educación.

Tipo de Persoal: Laboral.

Grupo: I.

Nivel: 22.

Xornada: 22,75 horas/semana (curso escolar: do 1 de setembro ao 30 de xuño).

Funcions ou tarefas: Impartición da docencia asignada de violín.

A vixencia da bolsa que se constituía será de tres anos ou de menos no suposto de que houbera un novo procedemento selectivo para os postos de traballo de PROFESOR/A DE VIOLÍN do Concello de Gondomar, momento a partir do cal a bolsa deixaría de ter vixencia.

As funcións a desenvolver serán as propias da súa categoría profesional e estará dotada coas retribucións correspondentes ao seu grupo de titulación que figuran nos orzamentos municipais.



**Segunda.- Natureza xurídica do persoal a seleccionar para a Bolsa de Traballo.**

As probas selectivas regularanse polas presentes bases, e o non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; na Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL); no Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (TRRL); na lei 20/21, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; e no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Tamén pola normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia; Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación concordante e de aplicación.

**Terceira.- Sistema de selección.**

Establecése o sistema de CONCURSO- OPOSICIÓN.

**Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes.**

Poderán tomar parte no procedemento selectivo os/as aspirantes que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 TREBEP.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015.
- c) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas, sen prexuízo de que sexan admitidas persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro de normativa de concordante aplicación.
- d) Non estar separadas por un expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario do que estivesen separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

- e) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Estar en posesión do título de Graduado/a en Música na especialidade de violín; Título Superior de Música, especialidade interpretación, itinerario violín (LOE); Título Superior de violín (LOXSE) e Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de violín (Plan 1966).
- g) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 4 ou equivalente–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.
- h) Ter ingresado a taxa pola participación no proceso selectivo de 34,54 €, que se abonarán dentro do prazo de presentación de solicitudes mediante ingreso ou transferencia nas contas de:

Abanca nº: ES17 2080 5035 0730 4001 1300.

Estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata momento do nomeamento como persoal laboral.

#### **Quinta.- Presentación de solicitudes, prazo de presentación e admisión de participantes.**

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse ao alcalde do Concello de Gondomar e presentaranse preferentemente no Rexistro Xeral do Concello de Gondomar a través da sede electrónica. Opcionalmente, poderán presentarse en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPACAP).

O prazo de presentación será de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios.

Coa instancia, achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Título esixido na base cuarta.
- c) Copia do título do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, no caso de solicitar a exención do exame de galego.
- d) Resgardo acreditativo do ingreso da taxa.
- e) Declaración xurada de que se reúnen todos os requisitos establecidos nas bases anteriores (Condicións xerais dos e das aspirantes)
- f) Relación circunstanciada dos méritos alegados na fase de concurso, uníndolle á referida relación os documentos acreditativos dos méritos alegados.

Aquelas persoas aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte:



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

- a) Solicitude expresa na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.
- b) Achegar fotocopia simple de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación de grao de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas

Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar.

As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ditará resolución que será publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Gondomar, indicando a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, se é o caso, con causas de exclusión e coa indicación dun prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de reclamacións, emenda de defectos e mellora de solicitudes.

As reclamacións que se presenten serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada de igual xeito que a provisional, contendo a designación dos membros do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios máis na sede electrónica do Concello de Gondomar.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a solicitude do interesado.

#### **Sexta.- Procedemento selectivo:**

O sistema de selección é o de concurso-oposición.

##### *1.- FASE DE CONCURSO:*

A fase de concurso será posterior á de oposición. Nesta fase avaliaranse os méritos achegados polos aspirantes de acordó co seguinte baremo:

O 40 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de concurso. Valorarase cun máximo de 40 puntos.

- Experiencia profesional como docente: máximo 30 puntos.

Concederanse:

- O 0,30 por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo de calquera Administración pública, como Profesor/a de Música na especialidade de violín en centros de ensinanza regrada.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

- O 0,15 por cada mes traballado na empresa privada, como Profesor/a de Música na especialidade de violín.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións propias das prazas que se van cubrir.

Non se discriminará entre xornada a tempo parcial e xornada completa.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados mediante contratos para persoal eventual, de servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público.

Os citados méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de servizos prestados na administración pública acreditaranse por certificado da Administración pública no que se faga constar o posto desempeñado e as funcións así como o tempo traballado, agás os servizos prestados no Concello de Gondomar que serán incorporados de oficio. No caso das entidades privadas a través do correspondente contrato debidamente selado na oficina de emprego correspondente ou copia compulsada, acompañado do certificado de vida laboral. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distinto á Seguridade Social, certificación acreditativa da data dende a cal presta o servizo. Non serán valorables os méritos que non se xustifiquen de acordo co previsto no parágrafo anterior.

O Tribunal poderá requirir a documentación e aclaracións necesarias a efectos de valoración nesta fase de concurso.

- Cursos de formación e perfeccionamento superados: máximo 10 puntos.

Pola participación en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración Pública, incluídos os organizados por sindicatos, entidades sen ánimo de lucro e organización empresariais no marco dos Acordos Nacionais ou Autonómicos de Formación Continua e sempre que, a xuízo do órgano de selección, teñan relación coas funcións propias do posto, incluídos os cursos de prevención de riscos laborais en vigor, primeiros auxilios, lexislación laboral e igualdade e xénero:

- a) Cursos de 0 a 20 horas: 0,40 puntos por curso.
- b) Cursos de 21 a 40 horas: 0,60 puntos por curso.
- c) Cursos de 41 a 60 horas: 0,80 puntos por curso.
- d) Cursos de 61 a 100 horas: 1 punto por curso.
- e) Cursos de máis de 100 horas: 1,5 puntos por curso.

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Non se terán en conta aqueles nos que non se especifique o número de horas.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

O Tribunal poderá requirir a documentación e aclaracións necesarias a efectos de valoración nesta fase de concurso.

## 2.- FASE DE OPOSICIÓN:

O 60 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de oposición. Valorarase cun máximo de 60 puntos. De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes; consistirá en dous exercicios, un práctico e outro de coñecemento da lingua galega.

- Primeiro exercizo: consistirá na realización de dúas probas.

- Proba de interpretación (máx. 30 puntos).

Interpretación dunha peza de violín, que poderá constar dunha ou máis obras cada unha delas, ou movementos das mesmas, cunha duración aproximada de 3 minutos. O Tribunal poderá dar por rematada a proba cando o estime oportuno.

Valoraranse aspectos tales como: precisión do texto, sentimento rítmico, agónicas, planos sonoros, calidade do son, equilibrio sonoro axeitado a cada pasaxe e textura, cores, dinámicas fraseo, expresividade, control do instrumento, control psicolóxico, conciencia musical da estrutura, interpretación estilística, memoria, etc. En todo caso, o opositor/a facilitará ao tribunal copia da partitura.

Dita proba calificarase con un máximo de 30 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden alomenos 15 puntos.

- Proba docente (máx. 30 puntos).

Consistirá en impartir unha clase práctica de violín a un/unha alumno/a designado/a polo tribunal de calquera curso e matriculado no conservatorio municipal, cunha duración máxima de 15 minutos. O Tribunal poderá dar por rematada a proba cando o estime oportuno.

Valoraranse aspectos como a comunicación, a relación co/coa alumno/a, o uso de diferentes recursos e estratexias para conseguir un obxectivo sempre musical, así como outros aspectos que o Tribunal considere oportunos.

Dita proba calificarase con un máximo de 30 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden alomenos 15 puntos.

O primeiro exercizo no seu conxunto cualificarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superalo.

- Segundo exercizo: Coñecemento da lingua galega.

Exercicio obrigatorio e eliminatorio, de coñecemento do idioma galego. Estarán exentos de facelo aqueles que presentaran certificación de coñecemento da lingua galega.

O exercicio consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego no tempo determinado polo tribunal antes do inicio do exercicio. A cualificación será apto ou non apto.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, na sede electrónica do Concello a relación de aspirantes aprobados/as, coa indicación da puntuación final obtida conforme ao estipulado nas bases xerais reguladoras deste proceso selectivo.

### **Sétima.- Tribunal cualificador**

O Tribunal Cualificador estará formado por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os/ as aspirantes.

Cada membro do tribunal terá o seu suplente. Os membros titulares e suplentes serán nomeados polo órgano municipal competente na materia cando se dite a resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo.

O Tribunal queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, podendo as súas resolucións ser recorridas en alzada ante o órgano municipal competente en materia de persoal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose ditos asesores unicamente a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A actuación do Tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Os membros dos Tribunais que actúen nestas probas selectivas terán dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, conforme ó establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización do exercicio.

O órgano de selección, se o estima oportuno, cando proceda e sexa acorde a natureza da proba, poderá establecer os criterios de valoración que desenvolvan os criterios esenciais fixados polas bases en cada exercicio así como os parámetros para a solución dos exercicios.

A fixación destes criterios e parámetros farase con carácter previo a realización da proba sen que sexa necesario que os coñezan os/as aspirantes antes da realización do exercicio.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

**Oitava.- Calificación definitiva, relación de aprobados, constitución e funcionamento da bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Profesor/a de violín no Conservatorio de Música do Concello de Gondomar.**

A puntuación final e a orde dos aspirantes aprobados que pasarán a constituir a bolsa DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE VIOLÍN NO CONSERVATORIO DE MÚSICA do concello de gondomar estará determinada pola suma das puntuacións obtidas polos/as candidatos/as que superen o procedemento selectivo na fase de concurso e na fase de oposición e confeccionada por orde de maior a menor puntuación.

O Tribunal someterá a aprobación do Sr. Alcalde-Presidente a bolsa confeccionada nos termos anteriores. O Alcalde-Presidente dictará resolución que será publicada na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, indicando a composición da bolsa e a orde na mesma.

Cando sexa necesario proceder a cobertura de praza de Profesor/a de violín no Conservatorio de música de Gondomar, nos termos establecidos no TREBEP e na base segunda, procederase a formular os correspondentes chamamentos, previa fiscalización pola Intervención municipal e con indicación expresa das características do posto de traballo a cubrir interinamente e a causa que motiva o chamamento, ofertándose o mesmo ao/á candidato/a que figura ao primeiro lugar da bolsa que esté pendente de chamar, enviándolle ao efecto un correo electrónico e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao chamamento ofertado. Tamén realizarase o chamamento telefonicamente coa finalidade de acurtar os prazos de cuxa realización deixárase constancia no expediente administrativo mediante dilixencia efectuada ao efecto polo/a funcionario/a encargado/a. Se non contestase no prazo de 48 horas, isto equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar á seguinte persoa da bolsa

Cando se produza o cese dunha das persoas integrantes da lista, este reincorporarase ao posto da bolsa que lle corresponda por puntuación.

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: Exclusión definitiva da lista.

Non afectarán as renuncias ós supostos seguintes:

- Supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade.
- Supostos de incapacidade temporal (IT).
- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, noutra Administración Pública.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, no prazo de 5 días naturais a contar desde o chamamento, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

### **Novena.- Documentación a achegar polo seleccionado**

Cando se tramite o expediente para proceder a contratación do/a aspirante, antes do seu nomeamento presentará os documentos que se especifican seguidamente:

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Nº de conta bancaria (co IBAN).
- Certificado de carecer antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 3 días hábiles para a súa aportación ou subsanación. En ningún caso este prazo suporá ampliación do procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Polo Alcalde procederase ao nomeamento ao/á candidato/a que corresponda que dentro do prazo indicado presente a documentación referida e acredite que reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria. En caso contrario, salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, o candidato que non cumpra co establecido no parágrafo anterior non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións e sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

A persoa que sexa contratada como resultado do procedemento selectivo regulado nas presentes bases quedará suxeito ó réxime de incompatibilidades do sector público, conforme á normativa vixente.

Os restantes candidatos/as aprobados/as, pola orde da puntuación obtida, poderán ser chamados/as no caso de que o/a primeiro/a non achegue a documentación prevista nas presentes bases, renuncie á praza ou, cando por calquera outra causa, se resolva a relación funcional antes da súa extinción conforme á Lei.



Luns, 1 de xuño de 2026

Núm. 102

### **Décima.- Publicación e recurso procedentes.**

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante publicación na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios.

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Gondomar, 25 de maio de 2026  
O Alcalde – Paco Ferreira González

